**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**Sesión do 10 de xuño de 2013**

**ASISTENTES:**
**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez
Dª Mª Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
Dª Mª Jesús Lago Rey
Dª. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**Invitados:**
D. David Regades Fernández

**NON ASISTEN:**

Dª. Mª Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dez de xuño de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(634).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**
A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(635).- CONCESIÓN SUBVENCIÓNS BONO-TAXI 2013. EXPTE. 81095/301.**
Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 5.06.13, e de acordo co informe-proposta da técnica responsable do Servizo de persoas maiores e persoas con discapacidade, conformado polo xefe da Área de Política de Benestar e a concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Conceder as subvencións do bono-taxi ás 83 persoas que reúnen os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiario da subvención segundo

o establecido la lei 9/2007. Achéganse no Anexo I que comeza por “Covelo Casal, José” cunha renda percápita mensual de 336,93€ e finaliza por “Pérez Vilas, Dolores” cunha renda percápita mensual de 904,13€, por cumprir os requisitos estipulados na base sexta da convocatoria e existir orzamento para a concesión.
1.
As subvencións pagaranse con cargo á partida 2310.4800011, “Subvención taxis descapacitados ” por importe de 24.900,00 euros, segundo documento A201300025510

A contía por beneficiario será como máximo 300,00€ e mínimo 100,00€ , ata o 19 de decembro de 2013 (o día 20 xa non estará operativa a tarxeta).

ANEXO I- Proposta de concesión ano 2013

| | APELIDOS | NOME | DNI | Total Rdtos/mes percápita | SUBVENCIÓN |
|---|---|---|---|---|---|
| 1 | COVELO CASAL | JOSE | 35880220J | 336,93 | 300,00 € |
| 2 | FERNANDEZ ALONSO | CECILIA | 35914159G | 338,30 | 300,00 € |
| 3 | PEREIRA RODRIGUEZ | MANUEL | 35862790V | 346,65 | 300,00 € |
| 4 | LORENZO COSTAS | MARTA | 76934682G | 347,52 | 300,00 € |
| 5 | COSTAS ARMADA | BELEN | 53190128Y | 347,60 | 300,00 € |
| 6 | CARREIRO RODRIGUEZ | ELISEO | 34519041C | 378,98 | 300,00 € |
| 7 | ABREU FACCINI | OLGA TERESA | 53190760V | 405,53 | 300,00 € |
| 8 | CALVIÑO JUNCAL | M AUXILIADORA | 36073270R | 405,53 | 300,00 € |
| 9 | CASTRO FERNANDEZ | FELISA Mª | 36045959Z | 405,53 | 300,00 € |
| 10 | GONZALEZ COSTAS | JORGE | 76992949N | 405,53 | 300,00 € |
| 11 | VAZQUEZ LOPEZ | M PILAR | 35793995S | 405,53 | 300,00 € |
| 12 | SUAREZ ESTEVEZ | JOSE ANTONIO | 34873570G | 411,31 | 300,00 € |
| 13 | VAZQUEZ PRIMO | BASILIO | 76695685T | 414,02 | 300,00 € |
| 14 | MONTES OTERO | CELSO | 34446912L | 438,32 | 300,00 € |
| 15 | FERNANDEZ DIAZ | ELVIRA | 34214404H | 439,81 | 300,00 € |
| 16 | GALLARDO GRAÑA | OBDULIO | 34913750A | 443,69 | 300,00 € |
| 17 | RISOTO GUERRERO | ELVIRA | 38014735J | 444,03 | 300,00 € |
| 18 | PEREZ VIDAL | MARIA DEL CARMEN | 35909200J | 454,30 | 300,00 € |
| 19 | PROL MERCADO | JUAN MANUEL | 54232073M | 463,28 | 300,00 € |
| 20 | CASTRO PARDEIRO | ENRIQUETA LUISA | 35919583T | 466,49 | 300,00 € |
| 21 | TEIJEIRO ALVARIÑO | MARIA | 32611300Z | 484,73 | 300,00 € |
| 22 | ALVAREZ TORRENT | M PILAR | 36035051F | 521,40 | 300,00 € |
| 23 | MORAIS OLIVA | M DOLORES | 36090921B | 521,40 | 300,00 € |
| 24 | RODRIGUEZ GONZALEZ | ELISA | 35944092Z | 550,20 | 300,00 € |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 25 | ALVAREZ LUCAS | ALBA | 53178146F | 608,30 | 300,00 € |
| 26 | AZIGUNU | EMMANUEL TETTEH | X2616466D | 608,30 | 300,00 € |
| 27 | BARCIA PEREZ | DANIEL | 36168433J | 608,30 | 300,00 € |
| 28 | BRAO SANROMAN | OLAYA | 53818830A | 608,30 | 300,00 € |
| 29 | DA COSTA FERREIRA | MARIA LUISA | 36044739J | 608,30 | 300,00 € |
| 30 | DIAZ FONTENLA | FRANCISCO | 39459453D | 608,30 | 300,00 € |
| 31 | FERNANDEZ GONZALEZ | RAMONA | 35979747L | 608,30 | 300,00 € |
| 32 | FLOREZ PADILLA | CECILIA | 53973362K | 608,30 | 300,00 € |
| 33 | GIL CARBALLA | JUAN DIEGO | 53178844S | 608,30 | 300,00 € |
| 34 | LOUZAO TATO | M JOSE | 36175815N | 608,30 | 300,00 € |
| 35 | PEREIRA GROSSI | ANDREA MARIA | 36146312H | 608,30 | 300,00 € |
| 36 | PRECIADO MOSQUERA | M.TERESA | 53194871B | 608,30 | 300,00 € |
| 37 | RIVEIRO RODRIGUEZ | ANTONIO | 36068069K | 608,30 | 300,00 € |
| 38 | SEOANE RODRIGUEZ | ANDREA | 36165480G | 608,30 | 300,00 € |
| 39 | MARRUFO SAMILLAN | MIGUEL ALEXANDRE | 39488666N | 617,71 | 300,00 € |
| 40 | RODRIGUEZ ALEA | EDUARDO | 35937362T | 650,70 | 300,00 € |
| 41 | DOMINGUEZ GREGORIO | ROSARIO | 36001447F | 667,06 | 300,00 € |
| 42 | ESTEVEZ GONZALEZ | BENITO | 01093041N | 692,20 | 300,00 € |
| 43 | MIRANDA PIÑEIRO | DOLORES | 35945183R | 697,28 | 300,00 € |
| 44 | TORRES COSTA | JULIA | 36018881F | 700,53 | 300,00 € |
| 45 | CAMPOS CRUCES | ESTRELLA | 35538695S | 701,63 | 300,00 € |
| 46 | PEREZ VAZQUEZ | JOAQUINA | 02449683E | 701,63 | 300,00 € |
| 47 | TERRE ALONSO | ENRIQUE R | 36004109R | 701,63 | 300,00 € |
| 48 | PUZA RODRIGUEZ | ANTONINA | 34558850Q | 709,01 | 300,00 € |
| 49 | LAGO LEIROS | SALUSTIANO | 35958496C | 710,48 | 300,00 € |
| 50 | CUE ACUÑA | NIEVES | 35877401T | 710,50 | 300,00 € |
| 51 | SALGUEIRO HERMIDA | CARMEN | 35919146T | 710,50 | 300,00 € |
| 52 | SANROMAN CASASNOVAS | DIVINA | 35933255X | 710,50 | 300,00 € |
| 53 | VILLAR FIGUEROA | CARMEN | 35891593R | 710,50 | 300,00 € |
| 54 | FERNANDEZ ARAUJO | EMILIA | 35938249J | 714,26 | 300,00 € |
| 55 | ARENOSA MACIEL | LUISA | 35826675N | 717,65 | 300,00 € |
| 56 | COMESAÑA COSTAS | ANTONIA | 35971563T | 717,76 | 300,00 € |
| 57 | IZQUIERDO GONZALEZ | ANTONIO | 35941028D | 718,83 | 300,00 € |
| 58 | GIRALDEZ GIRALDEZ | VICTORIA | 36073841C | 725,61 | 300,00 € |
| 59 | GURIDI RODRIGUEZ | CARMEN | 35822271R | 732,38 | 300,00 € |
| 60 | FERNANDEZ LOPEZ | ELISA | 36133858F | 735,72 | 300,00 € |
| 61 | TORRON PAZOS | M EMILIA | 34886825B | 735,72 | 300,00 € |
| 62 | VAZQUEZ DIEZ | JUAN | 36152203K | 735,72 | 300,00 € |
| 63 | DOMINGUEZ | MARIA | 35498087W | 738,70 | 300,00 € |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | DOMINGUEZ | | | | |
| 64 | GARRIDO CARRERA | PILAR | 35856138N | 744,18 | 300,00 € |
| 65 | FERNANDEZ ROSENDO | SARA | 36028070L | 757,54 | 300,00 € |
| 66 | DIAZ PEREZ | DOLORES | 34140864D | 761,45 | 300,00 € |
| 67 | RODRIGUEZ GONZALEZ | FRANCISCO JAVIER | 36087139R | 761,63 | 300,00 € |
| 68 | TRIGO GARRA | ROSINA | 35811615V | 785,30 | 300,00 € |
| 69 | DAVILA ROMAN | MARIA | 35942586A | 788,23 | 300,00 € |
| 70 | ROMERO MATOS | CRISTINA | 36109282H | 792,82 | 300,00 € |
| 71 | ALBES LOPEZ | ENRIQUE | 35824577F | 794,42 | 300,00 € |
| 72 | GOMEZ BARREIRO | JOSEFA | 35819549Q | 794,42 | 300,00 € |
| 73 | POZANCO MORA | M DEL MAR | 08968678N | 798,24 | 300,00 € |
| 74 | PEREZ GARCIA | ALEJANDRO ANGEL | 35875872N | 808,87 | 300,00 € |
| 75 | FERNANDEZ TORRES | GUILLERMO | 35259563B | 814,24 | 300,00 € |
| 76 | GONZALEZ LORENZO | VENANCIA | 35811158C | 841,34 | 300,00 € |
| 77 | RIVERA GONZALEZ | MANUEL | 54233136X | 850,24 | 300,00 € |
| 78 | ASOREY GARCIA | DIGNORAT LUCIA | 76841121F | 856,81 | 300,00 € |
| 79 | RODRIGUEZ PILLADO | ISOLINA | 33154481G | 861,43 | 300,00 € |
| 80 | RODRIGUEZ LORENZO | ALEJANDRO | 35763165M | 884,72 | 300,00 € |
| 81 | VARELA LAGO | JOSE | 36012388T | 887,96 | 300,00 € |
| 82 | FERREIRA CRUZ | AMALIA | 35859092E | 889,65 | 300,00 € |
| 83 | PEREZ VILAS | DOLORES | 35818856J | 904,13 | 300,00 € |

SEGUNDO.- Aprobar a lista de agarda que se achega (Anexo II) que inicia por “Lago Barreiro, Isabel” cunha renda percápita mensual de 907,16€ e finaliza por “Fernández Arias, Agustín” cunha renda percápita mensual de 1.288,00€

## ANEXO II- Lista de agarda 2013

| ORDE | APELIDOS | NOME | DNI | Total Rdtos/mes percápita |
|---|---|---|---|---|
| 1 | LAGO BARREIRO | ISABEL | 35822893W | 907,16 |
| 2 | ASOREY VAZQUEZ | JOSE ANTONIO | 35392502X | 936,79 |
| 3 | PORTELA MAQUIEIRA | PURIFICACION | 35877365X | 941,06 |
| 4 | HERMIDA FERNANDEZ | M ROSARIO | 36043816X | 977,46 |
| 5 | FERNANDEZ MARTINEZ | ANTONIO | 35912568T | 988,38 |
| 6 | VIEIRA GONZALEZ | JOSE ANTONIO | 01959341V | 991,16 |
| 7 | DURAN GONZALEZ | Mª ESTHER | 35513932T | 997,79 |
| 8 | AMOEDO RODRIGUEZ | FERNANDO | 33154481G | 1014,63 |
| 9 | RODRIGUEZ PIÑEIRO | MARIA | 76740234H | 1022,35 |
| 10 | PUERTAS OLIVET | OLGA | 13797171T | 1025,22 |
| 11 | FERNANDEZ VAZQUEZ | JOSE | 35815749B | 1038,00 |
| 12 | SALGADO GONZALEZ | M ESTHER | 76610901V | 1046,38 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 13 | CAMPOS RUIZ | M SIRA | 36109844M | 1052,45 |
| 14 | RIVAS FERREIRO | JULIO | 35856486S | 1070,22 |
| 15 | GALLARDO VARELA | M CARMEN | 34120869R | 1075,66 |
| 16 | ALFONSO TEIXEIRA | JUAN ANGEL | 35906516C | 1084,15 |
| 17 | GROSSI DAPONTE | Mª ISABEL | 36131803E | 1093,10 |
| 18 | DOCAMPO VAZQUEZ | LUCILA | 34519452V | 1106,00 |
| 19 | MASIP VILLAR | MAXIMILIANO ALEJANDRO | 36157064Y | 1129,27 |
| 20 | BARCIA DEL RIO | ANA MARIA | 36133199S | 1266,62 |
| 21 | ALFONSO QUINTAS | Mª BEGOÑA | 36096119B | 1266,90 |
| 22 | GARRIDO RIVEIRO | MARIA | 35966787P | 1266,90 |
| 23 | ROZAS CAMPOS | JOSE | 76807251Q | 1266,90 |
| 24 | FERNANDEZ AIRAS | AGUSTIN | 36039745X | 1288,00 |

TERCEIRO.- Desestimar as subvencións que se achegan no listado do Anexo III que inicia por "Alonso Martínez, Miguel Ángel" e finaliza por "Villar Carvallo, Luis Gabriel" reseñándose en cada un deles o motivo da súa desestimación

ANEXO III- Lista solicitudes desestimadas 2013

| Nº ORDE | APELIDOS | NOME | DNI | Por incumprir; |
|---|---|---|---|---|
| 1 | ALONSO MARTINEZ | MIGUEL ANGEL | 36118692K | Constar como titular de vehículo automóbil propio. |
| 2 | ALVAREZ CABALEIRO | AMALIA | 35961754N | Presentar fora de prazo a solicitude o 13/05/2013. "O prazo de presentación das solicitudes será de 20 días naturais contados a partir do seguinte día da publicación da convocatoria no Boletín Oficial de Pontevedra (19/04/2013)". Data tope 09/05/2013 |
| 3 | BALLESTEROS CARRERA | SANDRA MARIA | 53181032H | Constar como titular de vehículo automóbil propio. |
| 4 | BARCIA PEREZ | MANUEL | 36168433J | Non ter recoñecida a condición legal de minusválía que afecte gravemente a súa mobilidade non podendo utilizar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial de minusvalía, emitido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia (baremo Real Decreto 1971/1999 A, B, C ou a partir de 7 puntos polos apartados D, E,F,G,H) |
| 5 | BEIRO MARTINEZ | Mª TERESA | 36001041S | Dispor duns ingresos superiores ao 2,5 do IPREM vixente (15.975,48€ anuais) |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 6 | BRITOS BOAN | AGUSTIN | 34718058H | Constar como titular de vehículo automóbil propio. |
| 7 | CAMARA DE LA CAMARA | CARMEN | 00081978Y | Constar como titular de vehículo automóbil propio |
| 8 | CARRERA GOMEZ | M CARMEN | 35975788Q | Constar como titular de vehículo automóbil propio |
| 9 | CASARES VILAR | JESUS FELIX | 32352807H | Constar como titular de vehículo automóbil propio |
| 10 | COEGO RIOS | ANA ISABEL | 36050502A | Constar como titular de vehículo automóbil propio |
| 11 | CORTES BOUZO | EMILIO | 45704959A | Dispor duns ingresos superiores ao 2,5 do IPREM vixente (15.975,48€ anuais) |
| 12 | FERNANDEZ MARTINEZ | JAVIER | 36133916L | Constar como titular de vehículo automóbil propio |
| 13 | FERREIRA CABALEIRO | CONCEPCI ON | 35828665R | Dispor duns ingresos superiores ao 2,5 do IPREM vixente (15.975,48€ anuais) |
| 14 | GARCIA GRAÑA | EMERITO | 35922730L | Constar como titular de vehículo automóbil propio. |
| 15 | IGLESIAS COSTA | MARIA ILDA | 34867363F | Constar como titular de vehículo automóbil propio |
| 16 | LAGO GARCIA | M SOLEDAD | 36079762F | Constar como titular de vehículo automóbil propio |
| 17 | LLAMEDO MOURIÑO | GONZALO ADOLFO | 39450567R | Constar como titular de vehículo automóbil propio |
| 18 | LOPEZ CAGIAO | LAURA | 53193421X | Constar como titular de vehículo automóbil propio. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 19 | LOPEZ OTERO | Mª GELUCHA | 33307942D | Constar como titular de vehículo automóbil propio. E dispor duns ingresos superiores ao 2,5 do IPREM vixente (15.975,48€ anuais) |
| 20 | MIROU DOMINGUEZ | M FLORINDA | 36050649N | Presentar fora de prazo a solicitude o 16/05/2013. "O prazo de presentación das solicitudes será de 20 días naturais contados a partir do seguinte día da publicación da convocatoria no Boletín Oficial de Pontevedra (19/04/2013)". Data tope 09/05/2013 |
| 21 | NOYA GOMEZ | MARIA | 34948421J | Dispor duns ingresos superiores ao 2,5 do IPREM vixente (15.975,48€ anuais) |
| 22 | PEREZ MOREJON | RAYDEL | X1928867H | Constar como titular de vehículo automóbil propio |
| 23 | PINTOS BARREIRO | ANTONIA | 35818491Q | Non ter recoñecida a condición legal de minusválía que afecte gravemente a súa mobilidade non podendo utilizar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial de minusvalía, emitido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia (baremo Real Decreto 1971/1999 A, B, C ou a partir de 7 puntos polos apartados D, E,F,G,H) |
| 24 | QUEIRUGA ALVAREZ | JAVIER | 53172551R | Constar como titular de vehículo automóbil propio |
| 25 | SANCHEZ UBALDO | LUIS | 34971331S | Constar como titular de vehículo automóbil propio |
| 26 | SENDRA ORTEGA | JOSE LUIS | 35879824P | Non ter recoñecida a condición legal de minusvalía que afecte gravemente a súa mobilidade non podendo utilizar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial de minusvalía, emitido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia (baremo Real Decreto 1971/1999 A, B, C ou a partir de 7 puntos polos apartados D, E,F,G,H) |
| 27 | VARELA SOTELO | NORBERTO | 35857906D | Dispor duns ingresos superiores ao 2,5 do IPREM vixente (15.975,48€ anuais) |
| 28 | VAZQUEZ RODRIGUEZ | JOAQUINA | 34421476K | Constar como titular de vehículo automóbil propio |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 29 | VILLAR CARBALLO | LUIS GABRIEL | 36169584Z | Constar como titular de vehículo automóbil propio |

**3(636).- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E APAMP, PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL CONCRETADO NUNHA LUDOTECA. EXPTE. 3885/336.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24.05.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude do 16.05.13, conformado pola concelleira-delegada de Xuventude e a concelleira delegada de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar o texto do convenio para desenvolver un Programa de Dinamización Infantil e Xuvenil, concretado nunha Ludoteca, entre o Concello de Vigo e APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral, que se adxunta o presente expediente.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 20.000 € euros a favor da entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral C.I.F. G-36624120 con cargo á partida 3370.489.00.03 do vixente orzamento. Por tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada, realizarase un pago anticipado do 50% do importe e non se esixen garantías.

TERCEIRO: Que se libre a cantidade de 10.000 € € correspondentes ó 50% do total á sinatura deste convenio, e o 50% restante(10.000 €) á finalización do mesmo.

CUARTO: Facultar á Concelleira de Xuventude, María Jesús Lago Rey para a sinatura do presente convenio”

*Na Casa do Concello de Vigo, a                     de dous mil trece*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, dona María Jesús Lago Rey, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Xuventude do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 7 de febreiro de 2013, sobre delegación de atribucións.*

*Doutra, D. Daniel Varela Lago, con DNI: 36012389-R como presidente da APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral C.I.F. G-36624120 e enderezo social na rúa Miguel Hernández nº 1 CP 36210, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente número 3885-336*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

*MANIFESTAN*

*I.- Que a entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral ten entre os seus fins o facilitar os medios adecuados para que as persoas con dicapacidade psíquica-física de calquera índole adquiran os coñecementos e aptitudes necesarias para a súa normalización e integración social, así como o desenvolvemento de programas de respiro familiar Estes obxectivos concordan co desenvolvemento da actividade de Ludoteca de Integración que propoñen e coinciden cos da Concellaría de Xuventude no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.*

*II.- Que o Concello de Vigo a traverso da Concellería de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potenciar a participación e a integración, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servicios á xuventude.*

*Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espacios lúdicos para nenas e nenos onde se poida favorecer a integración, combinando tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a traverso do xogo, a cal ven a coincidir coa proposta que realiza APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral,referida ao desenvolvemento da actividade de Ludoteca, polo que considerase convinte a concesión da subvención solicitada, tendo en conta que a*
*actividade de Ludoteca proposta na solicitude de subvención é, como sinala García de Enterría, "a actividade xurídica da Administración pública que comporta o outorgamento de auxilios directos ou indirectos para servicios ou actividades que complementan ou suplen os atribuídos ó ente público".*

*III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 3370.489.00.03, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 20.000 euros, a favor da APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral.*

*IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a realización de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.*

*V.- Que a entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente número 3885-336*

*Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral, o Concello de Vigo e a APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise*

*Cerebral,conveñén a súa colaboración no ámbito de desenvolvemento da actividade de Ludoteca proposta e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.*

*PACTOS*

*A entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral comprométese a desenvolver a actividade de Ludoteca e, concretamente, a:*

*1º.- Ofrecer un espazo de integración e de lecer educativo estable para rapaces e rapazas comprendidos entre 4 e 10 anos, como mínimo, no inmoble da rúa Sagunto nº 86, 36205 da cidade de Vigo, de acordo co programa presentado, atendendo diariamente a un máximo de 24 nenos e nenas, sendo a media de participación semanal é de 50.*

*2º.- Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social das persoas destinatarias a través do xogo e de actividades lúdicas.*

*3º.- Favorecer a participación e a integración social dos persoas destinatarias, así coma das súas familias.*

*4º.- Facilitar a adquisición de normas e hábitos saudables e de convivencia entre os persoas destinatarias, así como o desenvolvemento máximo de habilidades e capacidades persoais e grupais.*

*5º.- Procurar a conciliación da vida laboral e familiar axustando os horarios das actividades ás necesidades e características específicas das familias do contorno.*

*En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

*1º.- Garantir a prestación adecuada das actividades de Ludoteca a traveso da supervisión das mesmas polo persoal técnico da Concellería de Xuventude, que será o encargado do seguimento da execución do convenio, así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.*

*2º.- Conceder directamente á APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral unha subvención por importe de 20.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria "SUBVENCIÓN LUDOTECA APAMP " 33704890003 do orzamento en vigor, co obxecto de coadxudar á financiación da actividade de ludoteca no ano 2013.*

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral, deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo,e tendo en conta que trátase dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada, posibilitase o pagamento da subvención en dous prazos, o primeiro deles anticipado, á sinatura do presente convenio do 50% do importe total (10.000 €) e outro do 50% restante (10.000 €) á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento. Debido ás razóns anteriormente descritas, non se establecen reximen de garantías dos fondos entregados.*

*A xustificación do importe total recibido presentarase coa certificación dun técnico do servizo de Xuventude xunto coas facturas orixinais correspondentes aos gastos totais, unha vez rematada a actividade.*

*Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a reducción da subvención na mesma proporción .*

*A comunicación destas circuntancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Sexto.- A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 75% do importe da actividade subvencionada.*

*Non poderan ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.*

*Sétimo.- A entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión do logotipo da Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo.*

*Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.*

*Noveno.- A APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral, na data 20 de decembro do presente ano deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.*

*A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar:*

*a) Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.*

*b) Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeito a retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*

*c) Manifestación doutros ingresos ou subvecnións que financien o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.*

A documentación da conta xustificativa deberá incluir unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

A documentación da conta xustificativa deberá incluir unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.
As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se a entidade APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe esacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral, deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre 1 de xaneiro e 20 de decembro do 2013.

A APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, así como a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polos servizos da Concellería de Xuventude. O xefe do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada, que será incorporado á conta xustificativa para a súa tramitación.

Décimo terceiro.- A APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha disminución siñificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

*Décimo sexto.- A APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral está informada de que que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude.*

*A APAMP, Asociación de Familias de Personas con Parálise Cerebral poderá exercelos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.*

*Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, a ...”*

**4(637).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A “URBING, PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERÍA CIVIL, S.L., CONSTITUÍDO POLO SERVIZO DE DESEÑO E DEFINICIÓN DE CIRCUÍTOS “PASEOS POLA ARQUITECTURA DE VIGO”. EXPTE. 4864/104.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 29.05.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo, do 3.06.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Industria, Turismo, Cultura e Festas, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a devolución do aval, constituido por unha contía de 2.131,25 € segundo a carta de pagamento nº OIF201200064275 de data 19 de outubro de 2012, en

concepto de garantía do contrato “Servizo de diseño e definición dos circuitos paseos pola arquitectura de Vigo” (expte.- 4250-104) a URBING, proyectos de urbanismo e ingeniería civil, S.L. (CIF B 36982510), toda vez que o contrato prestouse de conformidade e xa rematou o prazo de garantía.

**5(638).- TOMA DE COÑECEMENTO DA MODIFICACIÓN DO DOMICILIO SOCIAL DA ENTIDADE URBANÍSTICA DE CONSERVACIÓN DO PERI II-05 ROCÍO. EXPTE. 4825/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da asinado pola técnica de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión e polo xefe dos Servizos Centrais, do 30.05.13, conformado pola xerente municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES*

*I. Con data do 29 de outubro de 2001, o pleno do Concello de Vigo aprobou definitivamente o expediente do PERI II-05 Rocío (Expte núm. 5621/411); o acordo de aprobación definitiva publicouse no BOP núm. 227, de 26 de novembro de 2001 e no DOG núm. 238, de 11 de decembro de 2001 e a súa normativa e Ordenanzas, no BOP núm. 56 de 21 de marzo de 2002 (páx. 16-19).*

*II. Polo Consello da xerencia municipal de Urbanismo de data do 10 de abril de 2003 aprobouse a constitución da Xunta de Compensación do PERI II-05 Rocío (Expte 4437/401), que foi inscrita no rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras mediante resolución do director xeral de Urbanismo da CPTOPT de 27 de maio de 2003, co núm. 08/03. A Xunta de Goberno Local do día 20 de decembro de 2004, aprobou definitivamente o proxecto de compensación do PERI II-05 Rocío.*

*III. En sesión ordinaria de 4 de agosto de 2008, a Xunta de Goberno Local acordou aplicar ao ámbito do PERI II-05 Rocío o modelo de Estatutos xerais aprobado polo Consello da xerencia municipal de Urbanismo de 11 de decembro de 2003 para a constitución dunha entidade urbanística de conservación (BOP núm. 1, de 2 de xaneiro de 2004).*

*IV. O día 2 de marzo de 2009 a Xunta de Goberno Local acordou excluír do deber de conservación da urbanización da entidade urbanística de conservación a constituír no ámbito do polígono do PERI II-05 Rocío, a zona verde nomeada ZONA VERDE V2 (JARDÍN), situada na zona do Rocío, de 6.939 m² de superficie.*

*V. A Xunta de Goberno Local de data do 4 de maio de 2009 aprobou a constitución da entidade de conservación do PERI II-05 Rocío, da que forman parte todos os propietarios do mesmo e que foi inscrita no rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras mediante resolución da secretaría xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo da CMATI de 4 de febreiro de 2010 co núm. 02-10. Con data do 15 de xuño de 2011 por don Juan Ignacio López Espinosa achégase a acta da primeira asamblea xeral celebrada o día 7 de xuño de 2011 polos propietarios da entidade de conservación do PERI II-05 ROCÍO -doc. núm. 110088807 do rexistro de entrada da xerencia municipal de Urbanismo-.*

*VI. Con data do 1 de setembro de 2011, don Juan Ignacio López Espinosa actuando en calidade de Presidente da entidade de conservación, comunica a renovación de cargos da*

*entidade, así como o cambio de domicilio social -doc. núm. 110114925 do rexistro de entrada da xerencia municipal de Urbanismo-.*

VII. *Con data do 5 de abril de 2013 por don Juan Ignacio López Espinosa na súa condición de Presidente da entidade de conservación do PERI II-05 ROCÍO, achégase escrito polo que solicita o inicio da vía de prema ás entidades "Picosur, S L" e "Invest 95, S A" e a don Manuel Ventura Fernández Fernández e axunta a estes efectos copia da acta da xunta anual celebrada con data do 15 de outubro de 2012 e ás notificacións efectuadas a ditos debedores -doc. núm. 130038145 do rexistro de entrada da xerencia municipal de Urbanismo-.*

VIII. *Previos requirimentos, con data do 20 de maio de 2013 polo administrador de fincas Maigler, S L, achégase certificación do acordo de nomeamento dos novos cargos orgánicos adoptado na asamblea xeral de 7 de xuño de 2011, certificación do acordo adoptado na asamblea xeral de 7 de xuño de 2011 de delegación na xunta directiva da atribución da asamblea xeral de designar un novo domicilio social vinculado á designación do administrador de fincas e certificación do acordo da Xunta direitiva designando ao administrador da entidade; asemade, achégase escrito asinado polo Presidente e o Secretario da entidade urbanística de conservación certificando a existencia dun erro na acta da asamblea xeral de 15 de outubro de 2012 en relación coa cantidade adebedada por don Manuel Ventura Fernández pois de conformidade cos rexistros contables son 99,96 € pola parcela P2 e non 52,66 € e solicitando que conste esta cantidade aos efectos do inicio da vía de prema, toda vez que na acta orixinal foi corrixido dito erro -doc. núm. 130057937 do rexistro de entrada da xerencia municipal de Urbanismo-.*

NORMATIVA EXAMINADA E DEREITO

I. *O contido do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo, aprobado de maneira definitiva de forma parcial pola Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia do día 16 de maio de 2008 -DOG núm. 106, de 3 de xuño de 2008 e BOP núm. 151, de 6 de agosto de 2008-; o día 13 de xullo de 2009, foi aprobado definitivamente o documento de cumprimento da Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes do 16 de maio de 2008 sobre aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo -DOG núm. 144, de 24 de xullo de 2009 e BOP núm. 175 , de 10 de setembro de 2009-,*

II. *O Real Decreto lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do solo e o Real Decreto 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoraciones da Lei do solo,*

III. *A Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas súas diversas modificacións -en diante LOUGA-,*

IV. *O Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo, en vigor en virtude da Disposición Transitoria Sexta da LOUGA,*

V. *O Real-Decreto 2159/1978, polo que se establece o regulamento de planeamento urbanístico -RPU- e o Real-Decreto 3288/1978, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística -RXU-, ambos con carácter supletorio,*

*VI. A Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro,*

*VII. A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, cuxa modificación mais importante foi pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local,*

*VIII. A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia,*

*IX. A Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa,*

*X. O Real Decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscripción no Rexistro da propiedade de actos de natureza urbanística,*

*XI. Os Estatutos da xerencia municipal de Urbanismo, na súa versión consolidada aprobada polo Pleno do Concello en data do 6 de setembro de 2010 (BOP núm. 193 de 6 de outubro de 2010),*

*XII. O resto de disposicións que poidan afectar,*

*Á vista da documentación existente no expediente, emítese o seguinte INFORME/VALORACIÓN XURÍDICA*

*Establece o artigo 27 do RXU que "1. A constitución das entidades urbanísticas colaboradoras, así como os seus Estatutos, haberán de aprobarse pola Administración urbanística actuante. 2. O acordo aprobatorio da constitución inscribirase no rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras que se levará nas respectivas Comisións provinciais de Urbanismo, onde así mesmo se arquivará un exemplar dos Estatutos da entidade autorizado por funcionario competente. 3. <u>Os nomeamentos e ceses das persoas encargadas do goberno e administración da entidade inscribiranse tamén en dito rexistro</u>. 4. <u>A modificación dos Estatutos requirirá a aprobación da administración Urbanística actuante</u>. <u>Os acordos respectivos, co contido da modificación, no seu caso, haberán de constar no rexistro</u>".*

*Consta no expediente certificación do secretario co visto e prace do Presidente de data do 10 de maio de 2013, que acredita que pola asamblea xeral da entidade urbanística de conservación do PERI II-05 ROCÍO de data do 7 de xuño de 2011, acordouse nomear os seguintes novos cargos:*

*Presidente: Don Juan Ignacio López Espinosa*
*Vicepresidente: Dona Arita Torre López*
*Secretario: D. Pelayo Carvajal Fernández*
*Tesoureiro: Don Manuel Francisco Pais Fernández*

*E por isto, que de conformidade co artigo 27.3 RXU darase traslado desta certificación ao rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras para que proceda a súa inscrición.*

*Por outro lado, consonte ao disposto no artigo 2 do modelo de Estatutos xerais de entidade urbanística de conservación aprobados aprobado polo Consello da xerencia municipal de Urbanismo de 11 de decembro de 2003 (BOP núm. 1, de 2 de xaneiro de 2004) e que se aplica a este ámbito do PERI II-05 Rocío, "1. O domicilio da entidade de conservación establecerase no seu acto constitutivo. 2. Este domicilio poderá ser modificado por acordo da asamblea xeral, dando conta ao Concello e rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras".*

*Consta no expediente certificación do secretario co visto e prace do Presidente de data do 10 de maio de 2013, que acredita que pola asamblea xeral da entidade urbanística de conservación do PERI II-05 ROCÍO de data do 7 de xuño de 2011, acordouse delegar na Xunta directiva a modificación do domicilio social vinculado á designación do administrador e o seu domicilio. Consta así mesmo no expediente certificación do secretario co visto e prace do Presidente de data do 10 de maio de 2013, que acredita que na reunión da Xunta directiva celebrada o 24 de xuño de 2011 acordouse nomear administrador da entidade de conservación a "Maigler administración de fincas" e como consercuencia, o domicilio social da entidade urbanística de conservación pasa a ser o do administrador, situado na Praza da Miñoca, núm. 12, Baixo, 36209, Vigo.*

*Postos en relación o artigo 27.4 RXU e o artigo 2 dos Estatutos, aínda que o cambio de domicilio social non sería unha modificación dos Estatutos propiamente dita, non obstante sí precisaría da aprobación ou toma de coñecemento por parte do órgano municipal competente. A estos efectos, darase traslado do presente acordo así como das citadas certificacións ao rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras para que proceda a súa modificación.*

*Será órgano competente para a adopción do presente acordo a Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.d) da LRBRL en relación co artigo terceiro apartado terceiro dos Estatutos da xerencia municipal de Urbanismo, previa proposta de resolución polo Consello da xerencia municipal de Urbanismo, de conformidade co artigo décimo, apartado primerio, letra d) dos Estatutos.*

*Visto o que antecede e a normativa de aplicación, <u>PROPONSE á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO</u>*

*PRIMEIRO: Tomar coñecemento da modificación do domicilio social da entidade urbanística de conservación do PERI II-05 ROCIO, situándose o novo domicilio na Praza da Miñoca, núm. 12, Baixo, 36209, Vigo, de conformidade coas certificacións de data do 10 de maio de 2013 expedidas polo Secretario co visto e prace do Presidente.*

*SEGUNDO: Dar traslado do presente acordo ao rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras para que proceda á inscrición da modificación do domicilio social e da renovación de cargos de Presidente, Vicepresidente, Secretario e Tesoureiro"".*

*Non obstante, o órgano resolutorio decidirá, co seu superior criterio, o que estime mais oportuno.*

O Consello da Xerencia de Urbanismo, en sesión do 7.06.13, acorda elevar o expediente á Xunta de Goberno Local para a súa consideración.

<u>Acordo</u>
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me. A CONCELLEIRA-SECRETARIA

DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Mª Jesús Lago Rey.